

# ABERTO X VACACIÓNS



Concello de Foz



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL

# ABERTO X VACACIÓNS

## FOZ 2016

de 10:30h.  
a 13:30h.



Para nenos/as de 3 a 12 anos  
(nados/as entre 2004 e 2012)

Obradoiros formativos, busca de tesouros, xincanas, multideporte,  
xogos, multideporte, kaiaks, ...

Inscricións: Casa da Xuventude  
R/ Julia Minguillón, 7 - Baixo - FOZ  
982 13 30 37 [xuventude@concellodefoz.es](mailto:xuventude@concellodefoz.es)



Concello de Foz



Desde o Concello de Foz queremos invitar aos nenos e nenas, que ides estar este verán en Foz, a pasar connosco as mañás de luns a venres. Non te vas a aburrir nas actividades de

# ABERTO X VACACIÓNS

**Cando?** O mes de xullo ou de agosto. Ou se prefires, os dous meses. De luns a venres.

**En que horario?** De 10:30h. a 13:30h.

**Canto custa?** 10€/mes

**Que actividades teremos?** Moitas e moi variadas. Obradoiros, kaiaks, xogos na praia, inchables, rutas, multideporte,... Entregarémosvos un planing quincenal para que saibades que actividade toca cada día.

**Onde?** Na praia, no CEIP Nº1, no campo de fútbol de Malates, no Cenima,... No planing quincenal indicarámosvos onde acudir a cada actividade.

**Para quen?** Para nenos/as nados/as entre os anos 2012 e 2004. No caso dos/as nados/as no 2012, que fosen ao colexio.

**Teremos dous grupos segundo a idade:**

**GRUPO 1:** 2012-2011-2010-2009-2008

**GRUPO 2:** 2007-2006-2005-2004

As prazas son limitadas, por orde de inscrición e rango de idade.

**Queres inscribirte?**

Cubre a folia de inscrición e entrégaa, xunto con copia da tarxeta da Seguridade Social, na Casa da Xuventude, a partir do 28 de xuño, en horario de 10h a 13h e de 18h a 20h

**Reunión de presentación:** Luns 4 de xullo. Ás 11h. na Casa da Xuventude.

**Inicio de actividades:** Mércores 6 de xullo.

**Se necesitas máis información:**

Casa da Xuventude - Rúa Julia Minguillón, 7 - Baixo

Tif. 982 13 30 37 - xuventude@concellodefoz.es

## FICHA INSCRIPCIÓN

D/Dna

con DNI

como pai/nai/titor/a de:

Primeiro.- Autorizo ao meu fillo/a a participar en todas as actividades que se leven a cabo no programa "Aberto x Vacacións".

Segundo.- O Concello de Foz e IG10, responsables do desenvolvemento e da execución deste programa, dispoñen do meu consentimento expreso, polo que poderán utilizar fotografías fixas ou en movemento tomadas no transcurso da participación do meu fillo/a nestas actividades e facer uso delas nas súas respectivas tarefas de información e difusión.

Terceiro.- Autorizo ás decisións médico quirúrxicas que fosen necesarias en caso de urxencia, renunciando a esixir responsabilidade algunha por lesións.

Cuarto.- En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, comunicámoslle que os datos que vostede nos facilite quedarán incorporados e serán tratados nos ficheiros titularidade do Concello de Foz e de IG10 co fin de poderlle prestar os nosos servizos, así como para manterlle informado sobre cuestións relativas ás actividades. O Concello de Foz e I.G. 10 comprométese a tratar de forma confidencial os datos de carácter persoal facilitados e a non comunicar ou ceder devandita información a

terceiros. Así mesmo informámoslle da posibilidade que ten de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal mediante correo electrónico dirixido a xuventude@concellodefoz.es ou ben escrito dirixido a Casa da Xuventude, R/Julia Minguillón 7- Baixo 27780 - Foz.

Asinado:.....

## DATOS ALUMNO/A

NOME		APELLIDOS	
DNI	DATA NACEMENTO	IDADE	
DIRECCIÓN			
LOCALIDADE		TELÉFONO	
CENTRO EDUCATIVO		E-MAIL	
MES PARA O QUE SE INSCRIBE <input type="checkbox"/> XULLO <input type="checkbox"/> AGOSTO <input type="checkbox"/> AMBOS			
ALGÚN PROBLEMA DE SAÚDE OU PECULIARIDADE FÍSICA/PSICOLÓXICA QUE POIDA AFECTARLLE NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES?			